



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES "Maximino Romero de Lema"
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA

ASIGNATURA DE LIBRE CONFIGURACIÓN 1º BAC

ACHEGAMENTO ÁS ÁRTEES ESCÉNICAS E Á XESTIÓN CULTURAL

Profesor:
Manuel Maseda Deán
CURSO 2019/2020

Índice de contidos

1.- Introducción e contextualización.....	1
2.- Obxectivos.....	3
3.- Competencias.....	5
4.- Contidos.....	7
4.1.- Secuenciación de contidos:.....	7
BLOQUE 1. TEATRO (14 sesións).....	7
4.2.- Temporalización.....	8
5.- Avaliación.....	8
5.1.- Mínimos esixibles.....	9
5.2.- Criterios de avaliación.....	9
5.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación.....	10
5.4.- Criterios de cualificación.....	10
5.5.- Avaliación e plans de traballo para o alumnado con materias pendentas.....	11
5.6.- Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	11
6.- Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	11
7.- Metodoloxía didáctica.....	12
8.- Competencias clave (Artigo 3).....	13
9.- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (Artigo 7).....	13
10.- Elementos transversais.....	14
11.- Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto.....	14
12.- Actividades Complementarias e extraescolares.....	15
13.- Accións de Contribución aos Plans do Centro.....	15

1.- Introducción e contextualización

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no sistema educativo galego (Decreto 86/2015 do 25 de Xuño) establece o agrupamento de materias en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica. Dentro deste último apartado, no mesmo Decreto pódese ler:

“No horario establecido como de libre configuración os centros docentes poderán optar por dedicalo ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das materias recollidas neste artigo, por establecer outra ou outras materias que determine o centro docente, segundo o seu proxecto educativo e logo da autorización da consellería con competencias en materia de educación, ou por impartir algunha das materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes. En todo caso, respectarase o tratamento análogo das linguas cooficiais e os criterios de equilibrio establecidos no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.”

Tendo en conta a idiosincrasia do Centro como Contedor Cultural e o histórico traballo realizado polo grupo de Teatro do mesmo (dirixido por Ricardo Viguere), consideramos que esta proposta educativa pode servir de complemento e reafirmación dos contidos traballados polo alumnado do noso Centro. A maiores, tamén consideramos que é unha materia o suficientemente atraínte para o resto do alumnado como para formar un proxecto educativo ao longo do ano.

A materia Artes Escénicas e Danza debe dotar ao alumnado de coñecementos, técnicas e procedementos que lle permitan expresarse e crear artisticamente a través das linguaxes do teatro e a danza. Para tal fin, o alumnado debe comprender e interpretar diferentes linguaxes escénicas, así como o devir da historia do teatro e da danza ao longo dos séculos; saber mirar as Artes Escénicas e a Danza, comprender a súa importancia e verificar os cambios xurdidos no seu desenvolvemento; constatar e valorar a creación artística cando se pon ao servizo dunha arte específica como a danza e o teatro; e xerar argumentos nos que se fundamente tanto o camiño percorrido polas Artes Escénicas e a Danza como o seu espazo de apoio para unha formación integral; física, estética e cultural.

Doutra banda, é indispensable que o alumnado tome conciencia e desenvolva na práctica os seus recursos expresivos, mediante a exploración dos compoñentes do movemento (corpo, espazo, tempo, enerxía e interrelación); o desenvolvemento da súa capacidade de concentración, relaxación e de autoconciencia corporal; a procura de niveis óptimos de equilibrio psicofísico; a aplicación do imaxinario no modelado da súa conduta; a estimulación das súas habilidades comunicativas; a vivencia e recreación de situacións dramáticas diversas; a exploración dos seus recursos no terreo da oralidade, e o desenvolvemento da sensibilidade rítmica e melódica a nivel corporal e vocal.

É de importancia para a formación do alumnado o coñecemento dos grandes cambios xurdidos nas Artes Escénicas e a Danza. Os alumnos e as alumnas deberán ser conscientes de como as ideas subxacentes baixo as formas visibles (coreografías, danzas populares, preclásicas, clásicas, contemporáneas, decorados, bosquexos, figuríns, edificios teatrais e espazos para a representación, textos dramáticos, postas en escena, etc.) configuraron múltiples xeitos de construír e realizar as Artes Escénicas e a Danza, e entender, por conseguinte, cada sociedade e cada época; comprender e saber que o interese da materia reside tanto en experimentar o potencial expresivo e creativo persoal como en entender o modo en que diferentes aspectos da creación foron modificados por circunstancias históricas, culturais, rituais, ambientais, técnicas, estilísticas ou simbólicas que cada pobo vai incorporando como expresión da súa forma de sentir e de pensar.

A materia permite ir descubrindo cos alumnos e coas alumnas, a través da súa propia experiencia, o desenvolvemento das súas capacidades artísticas creativas e interpretativas, estudando, así, os aspectos teóricos e prácticos da materia. O cúmulo de referentes e a bagaxe formativa deben, finalmente, capacitar o alumnado para poder afrontar o seu traballo con maior resolución, podendo facer propostas máis brillantes e admitir diferentes interpretacións, ao mellorar as súas potencialidades e ao incrementar a súa percepción, observación, memorización e concentración, fomentando, así, a mellora da propia imaxe e a configuración da súa personalidade.

Trátase, en esencia, de contribuír á formación integral do alumnado e ao enriquecemento do seu acervo cultural, ensinándolle a apreciar tanto a beleza das obras, espectáculos e montaxes que ilustraron culturas pasadas como as que sustentan o noso século: o conxunto dun legado que, á súa vez, deberán transmitir.

Unha formación integral que fai especial fincapé na creatividade e no enriquecemento da autoestima, afianzando a oratoria e a autonomía do alumnado.

Estrutúrase esta materia en catro bloques: "Teatro", "Danza", "Outras artes escénicas" e "Xestión Cultural".

Cabe citar que nos últimos anos, seguindo as modificacións na memoria do departamento, a carga lectiva de Xestión Cultural foise empregando de xeito transversal nos outros tres bloques da materia. Deste xeito, as actividades creativas que vai realizando o alumnado son visibilizadas a través da Xestión Cultural realizada por elas mesmas. A maiores, tamén é importante citar que este apartado curricular permite ao alumnado interaccionar coa contorna do Centro (Asociacións de Veciñas/os, Comerciantes, Concello...) para levar a cabo proxectos transformadores máis alá do propio Centro Educativo. Este ano levaremos a cabo un proxecto denominado "Ao son delas" que foi elixido entre os cinco mellores de Galiza para a innovación en dinamización lingüística. Quilómetros de igualdade a través da música en galego, feita por mulleres e que chegará a todos os recunchos da comarca grazas á acción conxunta desta aula.

2.- Obxectivos

Enténdense por **Obxectivos** *os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.*

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de Xuño, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- 1) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- 2) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- 3) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- 4) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- 5) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- 6) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- 7) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- 8) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- 9) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- 10) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- 11) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- 12) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- 13) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- 14) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

15) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Na presente materia contemplaremos ademais os seguintes obxectivos, que serán os que tentaremos alcanzar ó remate da mesma:

Construír un proxecto de formación para motivar ao alumnado e que lles axude a prepararse para a realidade que nos rodea, adoptando unha postura crítica, solidaria, autónoma, cooperativa e responsable a través da creación cultural.

Capacitar ao alumnado para deseñar e xestionar actividades culturais, promovendo en consecuencia a súa participación e interese polas mesmas e incrementando a súa competencia de autonomía e a de aprender a aprender, así como a súa competencia matemática (a través da xestión de produción das actividades). Fomentar por esta vía un clima de Centro que favoreza a integración de todo o alumnado e fluidifique o proceso de aprendizaxe

Promover a participación das familias e de sectores sociais da vila en actividades xestionadas polo alumnado. Involucrar ó mundo da empresa no desenvolvemento desas actividades

O fenómeno audiovisual: inculcarlle ó alumnado a necesidade de coñecer a súa linguaxe básica e facerlle ver a potencialidade do mesmo como ferramenta narrativa e de difusión de valores. Aumentar deste xeito a súa competencia artística. Dado o contexto e precedentes educativos do noso Centro, con esta actuación pretendemos desenvolver un proxecto que axude a mellorar o rendemento dese alumnado que demanda novos e máis enriquecedores enfoques dos conceptos que está a adquirir.

3.- Competencias

Enténdese por **Competencias** *as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.*

Esta materia contribúe ao logro da totalidade das Competencias clave, dado o seu carácter integrador dentro do Currículo. Examinarémolo por bloques de contido.

No caso da **Comunicación lingüística**, contribúe ao seu desenvolvemento ao ser a lectura a principal vía de acceso á materia e polo desenvolvemento de actividades de expresión axeitada das propias ideas en contextos comunicativos de análise, creación e interpretación de textos e no traballo sobre a respiración, dicción, articulación e expresión axeitada en situacións de interpretación escénica. Ademais no seu formato non verbal, traballo xestual e corporal, o individuo desenvolve as súas capacidades comunicativas grazas ás cales expande a súa competencia e a súa capacidade de interacción con outros individuos.

Competencias básicas en **Ciencias e Tecnoloxía**, porque promove condutas e adquisición de valores responsables para o ben común inmediato no que afecta á saúde individual e colectiva, a través dos beneficios físicos e psíquicos que achegan a danza e o teatro.

Competencia dixital, na elaboración de traballos de investigación individuais e/ou en grupo, xa que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación; accedendo, xestionando e manexando diferentes motores de procura e bases de datos e transformando esta información en coñecemento. A maiores tamén se traballarían as ferramentas de edición audiovisual para análise e exposición das creacións propias.

Aprender a aprender, caracterizada pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe, onde a motivación e a confianza son cruciais para desenvolver aprendizaxes cada vez máis eficaces e a través da ampliación das habilidades de expresión, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación e a improvisación, tanto individual como colectiva; así como mediante a xeralización do seu cultivo no tempo de lecer.

Competencias sociais e cívicas, por implicar a interacción con outras persoas dentro dun grupo, conforme a normas baseadas no respecto mutuo; tanto na realización de danzas como na expresión verbal e non verbal; co obxectivo de comprender as expresións colectivas e a organización e o funcionamento das artes escénicas e a danza na sociedade pasada e presente. Desenvolve o sentido

da responsabilidade, mostrando comprensión e respecto aos valores e ideas alleas e a recepción reflexiva e crítica da información sobre as artes escénicas e a danza.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, que implica a capacidade de transformar as ideas en actos polo desenvolvemento de actitudes que leven un cambio de mentalidade, capacidade de pensar de forma creativa, autoconecemento e autoestima, autonomía ou independencia, interese, esforzo e espírito emprendedor, sentido crítico e da responsabilidade. Aquí é onde entra o concepto de Xestión Cultural como fio conductor dunha aprendizaxe significativa.

Conciencia e expresións culturais, porque implica coñecer, comprender, apreciar e valorar, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas a través do estudo, análise e a interpretación das súas obras e características. O coñecemento e comprensión tanto dos distintos espectáculos escénicos como das principais obras e producións do patrimonio cultural e artístico en distintos períodos históricos, así como das súas características e as súas relacións coa sociedade na que se crean; desenvolve nos alumnos e alumnas a capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas.

4.- Contidos

Enténdense por **Contidos** o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias.

4.1.- Secuenciación de contidos:

BLOQUE 1. TEATRO (14 sesións)

1. Explicar os diferentes estilos e formas de teatro: Textual, Xestual, Musical e Lírico.
2. Interpretar unha peza teatral onde se valoren as destrezas e habilidades adquiridas.
3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado. Valorar a importancia da improvisación teatral.

BLOQUE 2. DANZA (6 sesións)

1. Explicar os diferentes estilos e formas de danza: étnicas, populares, académicas, modernas, sociais, en función da historia
2. Interpretar en grupo diferentes danzas a través da aprendizaxe de coreografías, memorizadas e ensaiadas ao longo do curso.
3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado. Valorar a importancia da improvisación en danza.

BLOQUE 3. OUTRAS ARTES ESCÉNICAS (6 sesións)

1. Explicar as características doutras artes escénicas, a súa evolución ao longo da historia e o seu papel na sociedade actual.

BLOQUE 4. XESTIÓN CULTURAL (10 sesións)

- 1.- Consideración dos valores culturais.
- 2.- Implicación territorial dos proxectos socioculturais coas asociacións da zona.
- 3.- Deseño e xestión dun Plan de Comunicación Cultural
- 4.- Innovación e creación colectiva. Ferramentas dixitais para a creación horizontal. Público creador.
- 5.- A Contorna Dixital. Dinamización e divulgación cultural na rede

4.2.- Temporalización

A presente materia impartirase en períodos lectivos de 1 hora semanal, polo que a duración total da materia será de aproximadamente de 36 horas. Esas horas distribuiranse entre as diferentes unidades didácticas.

5.- Avaliación

1. Expor de forma crítica a opinión persoal respecto da función das artes escénicas (danza, teatro, circo, ópera, etc.), a súa importancia como medio de expresión de sentimentos, emocións, ideas e sensacións.
2. Apreciar a importancia do patrimonio en artes escénicas e comprender o valor de conservar e transmitir o seu legado.
3. Explicar o papel da danza e o teatro para a mellora de saúde física e psíquica a través da súa propia experiencia.
4. Realizar unha reflexión sobre os diferentes espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas
- 5.- Coñece a función da danza, o teatro e outras artes escénicas en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.
- 6.- Analiza e comenta os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas aos que se asistiu, relacionándoos cos contidos estudados.
- 7.- Recoñece e diferencia os diversos estilos e formas de danza e de teatro.
- 8.- Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.
- 9.- Interpreta e memoriza un repertorio variado de teatro en grupo.
- 10.- Emprega con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación teatral.

5.1.- Mínimos esixibles

Na presente programación deberemos indicar os mínimos esixibles ó alumnado necesarios para a avaliación positiva da materia. Así, estableceranse os seguintes mínimos:

<i>UD</i>	<i>Mínimos esixibles</i>
1	Expór de forma crítica a opinión persoal respecto da función das artes escénicas (danza, teatro, circo, ópera, etc.) e a súa importancia como medio de expresión de sentimentos, emocións, ideas e sensacións.
2	Desenvolver capacidades e destrezas lingüísticas orais e escritas, non verbais, xestuais e mímicas que aumenten o acervo expresivo e o repertorio comunicativo.
3	Realizar unha reflexión sobre os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas.
4	Interpretar nun espazo escénico unha peza teatral onde se valoren as destrezas e as habilidades adquiridas.
5	Integrarse en dinámicas de grupo creativas que fomenten un comportamento social, solidario, tolerante, responsable e asertivo que lle axude a superar inhibicións, medos e obstáculos comunicativos.

5.2.- Criterios de avaliación

Enténdese por **Criterios de avaliación** o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Na seguinte táboa pódese ver os contidos relacionados, os criterios de avaliación da mesma e as competencias clave coas que se asocian eses criterios.

<i>Criterios de Avaliación</i>	<i>C. Clave</i>
B1.2. Apreciar a importancia do patrimonio español e galego en artes escénicas, e comprender o valor de conservar e transmitir o seu legado.	CAA CCEC
B1.3. Explicar o papel da danza e do teatro para a mellora da saúde física e psíquica a través da súa propia experiencia	CMCCT CD
B1.6. Xerar recursos para desenvolver un maior coñecemento de si mesmo/a e unha personalidade autónoma e independente.	CAA
B2.1. Explicar os estilos e as formas de teatro: textual, xestual, de obxectos, musical e lírico. B2.3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado e valorar a importancia da improvisación teatral.	CCEC CD CAA CCL
B3.1. Explicar os estilos (clásica, moderna, española e baile flamenco) e as formas de danza (étnicas e populares), en función da historia e das especialidades educativas. B3.2. Interpretar en grupo danzas a través da aprendizaxe de coreografías, memorizadas e ensaiadas ao longo do curso.	CCEC CMCCT CD CAA CCEC

5.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos de avaliación realizaranse tendo en conta o seguinte:

- Asistencia regular a clase. Será necesaria a recuperación das horas perdidas mediante a realización de actividades relacionadas cos contidos traballados durante a sesión correspondente e facilitadas polo profesor.
- Participación do alumnado en todas as actividades propostas tanto individuais como en grupo.
- Unha ou varias probas teóricas ou practicas relacionadas coa unidade didáctica.
- Entrega dun traballo final a determinar polo grupo.

Como instrumentos de avaliación utilizaranse, nos dous últimos apartados dos procedementos descritos antes:

- Exames escritos, os cales poden ser teóricos (resposta de preguntas ou exames tipo test, por exemplo), ou prácticos (exposicións, danzas, monólogos...)
- Probas prácticas sobre o teatro.
- Traballo final sobre unha creación grupal.

No caso de alumnado que non supere a materia en xuño e teña que presentarse en setembro os instrumentos de avaliación basearanse nun exame a realizar polo alumno/a, podendo ser escrito ou práctico (ou unha mistura das dúas opcións), debendo superar o alumnado o mesmo.

5.4.- Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación para a avaliación da materia serán os seguintes:

- *Asistencia regular a clase e Participación nas actividades propostas:* suporán un 10% da nota final, tendo en conta que nos traballos en grupo avaliarase a cada alumno de xeito individual segundo a súa participación na actividade do grupo.
- *Probas teóricas ou practicas:* suporán o 30% da nota final, debendo ter neste apartado máis dun 4 de media para que se avalíe o seguinte apartado.
- *Traballo final:* suporá o 60% da nota final.

O traballo final debe superarse cunha nota igual ou superior a 5 para que se considere válido. Se a nota é inferior considerarase un proxecto incompleto e a puntuación do mesmo será tida en conta ou non para a nota final segundo o criterio do profesor.

Para o alumnado que non supere a materia en xuño e teña que presentarse en setembro os criterios de cualificación basearanse nunha proba a realizar polo alumnado, supoñendo o mesmo o 100% da nota.

5.5.- Avaliación e plans de traballo para o alumnado con materias pendentes

O alumnado que non supere a materia nas convocatorias de xuño e setembro e a teña coma pendente para o curso seguinte deberá realizar os mesmos traballos que o resto do alumnado que cursa a mesma por primeira vez, non presentándose diferencias de ningún tipo, ó ser esta unha materia de libre configuración e independente de outras materias cursadas.

5.6.- Procedementos para a realización da avaliación inicial

Realízase ao comezo das actividades para poñer de manifesto as capacidades, coñecementos e actitudes previas do alumnado. Isto permite coñecer o punto de partida a partir do cal valorar o seu progreso. Dese xeito, ó comezo do curso realízase un cuestionario individual para coñecer os coñecementos previos do alumnado e detectar posibles problemas.

Por outra banda, o seguimento do alumnado e do seu traballo no día a día permitirá localizar alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, aplicando nese caso as medidas necesarias seguindo en todo caso o Plan Xeral de atención á Diversidade.

6.- Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Enténdese por **Estándares de aprendizaxe avaliáveis** as *especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.*

Segundo os criterios de avaliación expostos no apartado 5.2 da presente programación definiremos para os mesmos os seguintes estándares de aprendizaxe avaliáveis:

UD	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
1	AEDB1.2.1. Valora o legado do patrimonio artístico español, comprendendo a importancia da súa preservación e transmisión. AEDB1.3.1. Recoñece e aplica os beneficios experimentados que achegan a danza e o teatro á saúde física e psíquica.
2	AEDB1.5.2. Entende as artes escénicas e a danza como un espazo activo de escoita e de diálogo, procurando modos de expresión máis aló da palabra. AEDB2.3.2. Utiliza a improvisación como medio para explorar a situación, o conflito, o personaxe e a acción
3	AEDB2.4.2. Interpreta e memoriza un repertorio variado de teatro en grupo.
4	AEDB1.1.1. Coñece e explica a función da danza, o teatro e outras artes escénicas en situacións e contextos diversos (actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.). AEDB1.1.2. Reflexiona sobre as artes escénicas e a danza como un medio de intervención e transformación da realidade e da conciencia social.
5	AEDB4.1.1. Recoñece e describe as artes escénicas e as súas manifestacións. AEDB4.1.2. Recoñece e diferencia as artes escénicas no seu conxunto, en función das súas características específicas e singulares.

7.- Metodoloxía didáctica

Enténdese por **Metodoloxía didáctica** o *conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.*

A nosa práctica educativa indica que unha gran parte do alumnado precisa de estratexias cognitivas novas pero que, á vez, está saturado de propostas TIC das que é axente pasivo, o que lle fai perder atención e capacidade de percepción. A nosa filosofía é que deben ser quen creen e difundan os contidos que se tratan: o propio proceso de traballo enriquece enormemente a formación polo seu poder motivador. Por outra parte, o interese do alumnado por novas metodoloxías didácticas e a súa sensibilidade estética deben acompañarse dos coñecementos para establecer un criterio propio, o que nos leva a formarnos continuamente nas ferramentas e conceptos que permiten xerar esas novas situacións de aprendizaxe.

Outro obxectivo é traballar a **metodoloxía de proxectos** ou *design thinking*: expoñemos un problema e buscamos información sobre el; os/as rapaces/as propoñen diferentes solucións debidamente argumentadas e as conclusións plásmanse en produtos audiovisuais ou TIC.

Utilizaranse técnicas de exposición, participación e aprendizaxe por parte dos alumnos.

A dinámica consistirá en:

- Exposición por parte do profesor.
- Actividades individuais e en grupo propostas pola profesora e desenvolvidas na propia aula.
- Debate sobre as actividades desenvolvidas en grupo na aula.
- Probas prácticas individuais e en grupo e realización dun Proxecto Final para o seguimento do grao de consecución dos contidos e competencias do alumnado.

8.- Competencias clave (Artigo 3)

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, no Decreto 86/2015 do 25 de Xuño incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea. Considérase que *“as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”*.

Para os efectos dese decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A idea é que a presente materia contribúa á adquisición de todas as competencias claves, se ben contribuirá de xeito particular ás competencias clave citadas no punto 3.:

9.- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (Artigo 7)

En relación ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, o Decreto 86/2015 do 25 de Xuño establece no seu Artigo 7 que:

“Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de

realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.”

En cumprimento do anterior, na presenta materia adoptaranse as seguintes medidas preventivas para a detección de necesidades atendendo aos distintos ritmos de aprendizaxe:

- Avaliación inicial.
- Análise dos traballos realizados polos alumnos.
- Actividades iniciais sobre meta-aprendizaxe: explicación de métodos de traballo das unidades didácticas, destrezas básicas para estudalas e procedemento de control sobre a propia aprendizaxe.

E, en caso necesario, tomaranse as seguintes medidas ordinarias:

- Actividades de reforzo que fundamenten futuras aprendizaxes significativas e van dirixidas a aqueles estudantes que teñen lagoas en aspectos básicos.

10.- Elementos transversais

En relación ós elementos transversais, o Decreto 86/2015 do 25 de Xuño establece no seu Artigo 4 que:

“A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.”

E, no apartado 3 do mesmo punto:

“A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.”

As propias características da materia desenvolvida na presente programación están orientadas a potenciar os puntos expostos nos apartados anteriores e nos demais apartados do Artigo 4 do Decreto, sendo a comprensión lectora e a expresión oral esenciais para a superación da materia.

11.- Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto

Os recursos didácticos son os soportes materiais nos que se presentan os contidos e sobre os que se realizan as distintas actividades. O feito de empregar medios didácticos na ensinanza ten unha dobre finalidade:

- Mellora-lo proceso ensinanza-aprendizaxe.
- Crear un ambiente no que os mestres e os alumnos poidan exercer interacción mutua, derivándose deste clima totalmente humanizado a mellora dos resultados educativos.

Os recursos didácticos pódense clasificar en 2 categorías:

- **Materiais curriculares:** Son recursos relacionados co currículo, por exemplo, o deseño curricular base, unidades de traballo, a guía do profesor, guía do alumno, etc.
- **Recursos materiais:** Son recursos de axuda para facilita-las actividades propias do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Entre os numerosos recursos materiais, destacamos os impresos, os audiovisuais e os informáticos.

A posibilidade xeneralizada de dispoñer hoxe en día de acceso a Internet na aula permite o acceso a unha grande cantidade de información entre a que se inclúe videos, tutoriais, manuais técnicos...

Así pois, na presente programación optaremos por empregar materiais e recursos en rede (a través da aula virtual do Centro) para que o alumnado poda participar e construír de xeito directo o seu propio entorno cognitivo.

12.- Actividades Complementarias e extraescolares

As actividades propostas para esta materia serán as propostas polo departamento de Música para os demais niveles educativos, que normalmente son as seguintes:

- Proxección de fragmentos de videos sobre teatro ou filmes nos que podamos observar a práctica das artes escénicas.
- Conferencias, charlas e obradoiros.
- Participación no certame “Olloboi” de Boiro
- Excursións e saídas didácticas: Concertos Didácticos a Santiago de Compostela, Coruña, Participación no Proxecto Regueifesta (Saídas ao IES Marco do Camballón de Vila de Cruces e ao encontro da Oralidade en Vigo). Participación no Programa Regueibertso cunha viaxe a Euskal Herría, conxuntamente co alumnado do grupo de gaitas. Saída ao Festival de curtas de Cans (O Porriño) e o Festival “Olloboi” de Boiro.
- Encontros de Dinamización Lingüística Santiago de Compostela)
- Encontro a través do Programa Erasmus+

13.- Accións de Contribución aos Plans do Centro

No desenvolvemento da materia tentarase cumprir o indicado nos diferentes Plans do Centro e contribuír ós mesmos se é posible.

En particular, para as actividades complementarias e extraescolares seguiranse as indicacións marcadas polo Plan Xeral de Actividades Complementarias e Extraescolares, as cales axudarán á organización e realización das mesmas.

Por outra banda, tal e como se indica no apartado 9 da presente programación, para a detección e atención de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo seguiranse as

pautas marcadas polo Plan Xeral de atención á Diversidade.